



## Entrevistamos a...



**Miguel Varela**  
CEO DE TEIMAS  
DESENVOLVEMENTO, S.L.

*"A implantación das TIC na xestión de residuos axuda a reducir custos"*

[Ler máis...](#)



**María Teresa Barral**  
PROFESORA TITULAR Y  
EXPERTA EN EDAFOLOGÍA  
DE LA USC

*"El aumento del reciclado deberá complementarse con la reducción de residuos"*

[Ler máis...](#)

## Actualidade



### Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balace da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

[Ler máis...](#)

## Mundo SOGAMA

### Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio recordou que a nova planta de recuperación de envases permitirá incrementar nun 36% a capacidade do complexo

A día de hoxe, o centro industrial de Cerceda trata un 77% das toneladas que recibe, polo que cando se culmine a ampliación tratará todos os residuos domésticos que chegan ao complexo.



[Ler máis...](#)

## Multimedia



### Unha praia con tres erres

[Ver o 18 videoconto da familia Trebón...](#)

### As instalacións de Sogama vistas dende o aire

[Ver máis...](#)

### "Recíclate con Sogama", na rede social do profesorado Redeiras

[Ver máis...](#)

## Eventos



Debate con concellos e empresas sobre a xestión de refugallos



Os residuos baixan un 32%



Aprobado o PEMAR 2016-2022



Acordo no Cumio de París



Novo paquete de economía circular



Efemérides que celebrar

[Máis eventos...](#)

## Receitario



### Que comes hoxe?

• Raviolón de galo de Mos

[Ver receita...](#)

## Entrevistamos a...



**Miguel Varela**

CEO de Teimas  
Desenvolvemento, S.L.

### *"A implantación das TIC nas empresas de xestión de residuos axudan a reducir custos e mellorar ingresos"*

**Dende 2009, Miguel Varela está á fronte de Teimas Desenvolvemento, S.L., a única empresa tecnolóxica española especializada no sector da xestión dos residuos. Enxeñeiro informático da rama de tecnoloxías da información, Varela é un emprendedor de vocación que acumula unha dilatada traxectoria traballando para empresas públicas e como docente e investigador para diferentes organismos e universidades**

**Cal é o grao actual de implantación das TIC na xestión dos residuos e que beneficios traen consigo para o sector.**

O grao de implantación das TIC nas empresas do sector da reciclaxe e a xestión de residuos é aínda baixo, conformado na súa meirande parte por pequenas e medianas empresas que dispoñen de ferramentas xenéricas que non dan unha solución integral ás súas necesidades específicas (loxísticas, de control de procesos, de xeración e tramitación de documentación normativa). Sen embargo, o sector, pola súa complexidade e a forte presión normativa que soporta, precisa de ferramentas específicas. As TIC especializadas teñen moito que dicir neste eido, toda vez que os beneficios son enormes, xa que axudan a reducir os custos operativos das compañías e a mellorar os ingresos.

**Teimas é, no ámbito nacional, a única empresa tecnolóxica especializada no sector dos residuos. Que supón isto para a compañía?**

Unha aposta moi forte: poderíamos desenvolver tecnoloxía de propósito xeral, aplicable a outras áreas, pero preferimos centrar todos os nosos esforzos no eido da xestión de residuos, que coñecemos en profundidade e co que nos sentimos moi identificados.

En Teimas consideramos que é un sector clave na chamada "economía circular", pero que aínda está a agromar, polo que o número de empresas é pequeno. Ademais, ten unha serie de barreiras que dificultan o acceso como, por exemplo, a normativa, que é extensa e complexa, ou a carga técnica.

*"A xestión de residuos é clave na economía circular"*

**Segundo diversas fontes, menos do 10% das empresas teñen solucións de software especializadas e só o 60% das Administracións Públicas dispoñen de instrumentos de desenvolvemento tecnolóxico. Como se pode mudar esta situación?**

O uso das TIC é un "gaña-gaña", tanto para empresas como para Administracións Públicas e mesmo para a cidadanía. Favorecer a comunicación automatizada entre

### Entrevistamos a...

**María Teresa Barral**  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

### Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

### Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

### Multimedia

### Eventos

### Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)

SEGUIR LENDO....

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Entrevistamos a...

Administración Pública e empresa privada para, por exemplo, proceder ao control da trazabilidade do residuo é un exemplo de simbiose no que as TIC poden axudar a reducir os custos administrativos de xeito drástico.

Como se pode mudar esta situación? As Administracións Públicas deberían ir por diante e dar exemplo. Investir en sistemas de información, favorecer a comunicación automatizada entre empresas e Goberno ou axudar ás empresas na adquisición de ferramentas tecnolóxicas por medio de préstamos ou subvencións, son liñas nas que traballar.

**No seu momento, Teimas foi a adxudicataria do deseño e implantación da Plataforma Galega de Información Ambiental GAIA, xa operativa desde o pasado 1 de outubro. Que vai a implicar esta nova ferramenta e que vantaxes se poderían destacar na mesma?**

*"A plataforma GAIA é un proxecto ambicioso da Xunta"*

A plataforma GAIA é un proxecto ambicioso por parte do Goberno autonómico. As empresas cuxa actividade profesional provoca incidencias no medio ambiente, como pode ser a produción ou xestión de residuos, emisións a atmosfera, solos contaminados, etc., teñen que dar resposta a moitas obrigas normativas por diferentes medios: rexistro físico, papel, aplicacións repartidas, etc.

Por medio de GAIA, as compañías disporán dun portelo único no que poderán facer todos os trámites administrativos e procedementos relacionados. Nesta primeira versión, deuse prioridade ao control dos traslados de residuos, elaboración de memorias anuais ou tramitación de comunicacións electrónicas ligadas á actividade de produción, transporte ou xestión de residuos.

### Fálenos do Proxecto Teixo.

A plataforma Teixo, xunto co portal Gestoresderesiduos.org, son os principais produtos tecnolóxicos desenvolvidos por Teimas. Teixo é un software especializado para empresas produtoras, recolledoras, transportistas e xestoras de residuos, accesible por medio de calquera dispositivo conectado á Internet (teléfono, tableta, Pc, portátil, etc.) e coa posibilidade de contratalo en réxime de alugueiro, o que fai que sexa moi asequible economicamente.

Por medio de Teixo, as empresas poden xestionar de xeito integral toda a súa actividade profesional, dende a xestión comercial ata o control de planta, a organización loxística e a xeración de documentación normativa e posterior tramitación automatizada coas Administracións Públicas correspondentes. Na actualidade, hai 140 instalacións xestoras de residuos en todo o Estado funcionando con distintos paquetes de Teixo.

Gestoresderesiduos.org, pola súa banda, é un portal informativo dirixido a profesionais do sector que, na actualidade, pode considerarse o medio de comunicación especializado na xestión de residuos máis seguido e consultado, con máis de 25.000 visitantes únicos mensuais, en xeral profesionais e técnicos do sector, ben da empresa privada como das Administracións Públicas.



A plataforma Teixo é un dos principais produtos tecnolóxicos da compañía

## Entrevistamos a...

**María Teresa Barral**  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

## Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

## Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a AeverSU

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SEGUIR LENDO...

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Entrevistamos a...



Miguel Varela (o segundo pola dereita) participando nunha xornada de Sogama

### E que hai da "Tropa Verde"?

Tropa Verde é a "nena bonita" de Teimas. É unha plataforma tecnolóxica dirixida á xente que serve para aumentar os índices de reciclaxe e o grao de concienciación medioambiental da cidadanía. A súa primeira versión púxose en marcha o 17 de maio deste ano (día das Letras Galegas, da Internet e da Reciclaxe) na contorna de Santiago de Compostela, contando co apoio do Concello e de Urbaser, empresa adxudicataria do servizo de recollida de lixo.

Tropa Verde é unha ferramenta de "gamificación" ambiental que ten como obxectivos converter a reciclaxe nun xogo no que os cidadáns que reciclan reciban puntos polas súas boas accións ambientais. Por exemplo, depositar os seus refugallos nun punto limpo ou levar aceite de fritura a un centro veciñal do concello.

Os cidadáns poden trocar estes puntos, chamados estrelas, en máis de 100 establecementos comerciais e hostaleiros da cidade compostelá que, de xeito completamente voluntario, ofertan premios, descontos e agasallos aos "recicladores" da Tropa Verde.

A resposta dos establecementos de Santiago é fantástica. Na actualidade están a ofrecer máis de 10.000 euros en premios aos membros da Tropa. O certo é que este experimento está dando uns números moi importantes, a xente está a apoiar a iniciativa, xa que promovemos unha forma de "dignificación" ou "valorización" do cidadán comprometido co medio natural. No 2016 estenderemos a Tropa Verde a outras localidades do país.

*"En 2016 o proxecto Tropa Verde chegará a outras cidades"*

## Entrevistamos a...

**María Teresa Barral**  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

## Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

## Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Entrevistamos a...



**María Teresa Barral**

Profesora titular del Departamento de Edafología y Química Agrícola de la Universidad de Santiago de Compostela

*"El aumento de reciclado para cumplir con las directrices europeas deberá acompañarse de un menor depósito de residuos en vertedero"*

Con más de 30 años como docente en materias de Grado y Máster relacionadas con la ciencia del suelo, la geología y la gestión y tratamiento de residuos, María Teresa Barral es doctora en Biología (1978) y licenciada en Farmacia (1982). En la actualidad es profesora titular de la Universidad de Santiago de Compostela, con acreditación a cátedra. A lo largo de su trayectoria ha participado en 21 proyectos de investigación, siendo investigadora principal en ocho de ellos. Como resultado de su labor ha publicado cerca de 90 trabajos en revistas científicas internacionales y cerca de 40 en revistas nacionales. Ha recibido diversos reconocimientos, entre ellos el Premio Nacional de Biología (1979). Además de su trayectoria docente, ha sido presidenta de la Delegación en Galicia de la Sociedad Española de la Ciencia del Suelo (2010-2013) y coordinadora del Plan de Desarrollo Sostenible de la Universidad de Santiago de Compostela (2010-2014)

La normativa comunitaria estipula la necesidad de someter a reciclado el 50% de los biorresiduos antes de 2020. ¿Estamos ante un objetivo alcanzable? Tanto la normativa europea como la legislación española que deriva de esta pretenden incrementar la valorización material de los residuos orgánicos y reducir el vertido, evitando así la pérdida de recursos derivada de esta forma de eliminación y reduciendo su impacto ambiental, principalmente su contribución a la producción de gases de efecto invernadero. Por esta razón, ese objetivo de incremento del reciclado va parejo a la limitación del depósito de materia orgánica en vertedero, que en 2016 no deberá superar el 35% en peso de los residuos biodegradables municipales producidos en 1995. En España, las estadísticas disponibles muestran que la cantidad de residuos reciclados mediante tratamiento biológico se situaba alrededor del 30% del total en 2012. En ese año, la recogida separada de biorresiduos duplicó la cantidad recogida en 2006. A ello contribuyó fundamentalmente la implantación obligatoria de la recogida separada de materia orgánica en todos los municipios de Cataluña desde 2008. Sin embargo, estamos aún lejos de cumplir con el objetivo comunitario. Dado que desde 2012 hasta 2020 deberemos incrementar el reciclado en unos 20 puntos porcentuales para alcanzar el objetivo del 50% y reducir en 12 puntos el vertido de residuos biodegradables en 2016, es imprescindible promover cambios en la gestión de los residuos para su consecución. Para ello tenemos que mejorar sustancialmente la capacidad de recogida y tratamiento diferenciado de los biorresiduos, extendiendo los sistemas de recogida separada a todos los sectores (hogares, actividades comerciales y zonas verdes públicas) e impulsando los proyectos de tratamiento biológico mediante compostaje o biometaniza-

SEGUIR LENDO....

### Entrevistamos a...

**Miguel Varela**  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

### Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

### Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Entrevistamos a...

ción. Igualmente importante es promover las actividades de difusión y concienciación de la ciudadanía, para que colabore activamente en la gestión.

Diversos países europeos ya han alcanzado hace tiempo este objetivo comunitario de reciclaje de biorresiduos. En Austria y Alemania más del 75% de los residuos urbanos biodegradables se recogen selectivamente y se compostan. Estos dos países, junto con Bélgica (región de Flandes), Suiza, Luxemburgo, Países Bajos, Suecia, Noruega e Italia, valorizan casi el 80% de los biorresiduos recogidos separadamente y tratados en la UE. Para que España siga ese camino es necesario que las administraciones públicas y las empresas, con la colaboración de una ciudadanía informada y concienciada, se empeñen decididamente y con responsabilidad en la mejora continua de la recogida selectiva y el adecuado tratamiento de los residuos.

*"Para cumplir con el objetivo comunitario de biorresiduos hay que aumentar el reciclado neto en 1,7 millones de toneladas"*

### ¿Qué dice al respecto el nuevo Plan Estatal Marco de Residuos (PEMAR) 2016-2022, aprobado el pasado 6 de noviembre por el Consejo de Ministros?

El objetivo final del Plan, derivado de la Ley 22/2011 de 28 de julio de residuos y suelos contaminados, al igual que lo es el de la política comunitaria de residuos, es convertir a España en una sociedad eficiente en el uso de los recursos, que avance hacia una economía circular, en la que se reincorporen al proceso productivo los materiales que contienen los residuos para la producción de nuevos productos o materias primas. El PEMAR aplica el principio de jerarquía establecido en la normativa comunitaria, que establece que la prevención debe ser la prioridad principal, seguida por la preparación para la reutilización, el reciclado y otras formas de valorización, incluida la energética, siendo la eliminación de residuos, fundamentalmente a través del depósito en vertedero, la última opción de la jerarquía de su gestión.

La Ley 22/2011 consideraba la adopción de medidas para impulsar la mejora de la gestión de los biorresiduos mediante la recogida separada y el tratamiento biológico, así como el uso del compost ambientalmente seguro. Para cumplir con el objetivo comunitario de reciclado de biorresiduos sería necesario incrementar el reciclado neto de esta fracción en 1,7 millones de toneladas. El Plan 2016-2022 señala varias medidas para lograrlo. Entre ellas, destaca la implantación progresiva de la recogida separada de biorresiduos, incluyendo grandes generadores, parques y jardines, hogares de entornos urbanos y residuos generados en el entorno agrario, para su tratamiento biológico (aerobio y anaerobio).

También fomenta el autocompostaje en aquellos lugares donde es fácilmente practicable, así como la construcción de nuevas instalaciones de tratamiento biológico y/o adaptación de las instalaciones existentes, para incrementar la capacidad de tratamiento de los biorresiduos recogidos separadamente, aplicando el principio de proximidad.

Además, hay que mencionar la regulación del fin de la condición de residuo para el compost/digerido de calidad y promoción de su uso como producto.

Un aspecto novedoso del Plan es que, para garantizar el cumplimiento de los objetivos nacionales, las comunidades autónomas deberán cumplir, como mínimo, esos objetivos con los residuos generados en su territorio, salvo que la normativa sectorial establezca criterios específicos de cumplimiento. El PEMAR destaca también la relevancia que las entidades locales tienen en la consecución de estas metas, pues son las competentes en la prestación, seguimiento y vigilancia de los servicios de recogida y tratamiento. En consecuencia las nuevas orientaciones para cumplir con estas directrices deben reflejarse en las correspondientes ordenanzas municipales.

### En el marco de la ampliación de sus instalaciones, Sogama construirá y gestionará una planta de compostaje en la que se tratará parte de la materia orgánica. ¿Cómo ve este proyecto?

Desconozco las características concretas del proyecto, pero cualquier iniciativa que busque reducir la cantidad de residuos que van a vertedero, y optimizar la reutilización y reciclaje me parece urgente e importante. Por otra parte, considero que la reu-

## Entrevistamos a...

Miguel Varela

CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

## Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

## Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SEGUIR LENDO....

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Entrevistamos a...

tilización de la materia orgánica por medio del compostaje es la vía más adecuada para el tratamiento de los biorresiduos, pues se trata de elementos con alto contenido de humedad y biodegradables. El resultado del proceso es el compost, una materia orgánica más estabilizada, de fácil almacenamiento y manejo, y de gran utilidad como enmienda de suelo, así como para otros usos agronómicos y ambientales. La cuestión clave es la calidad de las materias primas que se compostan, sobre todo en lo relativo a los potenciales contaminantes que no pueden ser eliminados durante el proceso. Por ello es imprescindible que se composte materia orgánica separada en origen, estableciendo una recogida selectiva para esta fracción.

Por el contrario, considero que el tratamiento mecánico-biológico de residuos mezclados, consistente en una separación mecánica de la materia orgánica, que posteriormente es sometida a un proceso de bioestabilización, tiene como objetivo principal cumplir la normativa europea que impone limitaciones al contenido de materia orgánica de los residuos destinados a vertedero. El biorresiduo estabilizado puede emplearse en restauración de suelos degradados y vertederos, pero no se permite su empleo en agricultura. Puede también ser destinado a vertido o valorización energética, pero en ese caso no se computa para el objetivo de reciclado de biorresiduos.

### ¿Qué ventajas aporta el compostaje a pequeña escala (nos referimos al domiciliario y comunitario) y cómo se está implantando en Galicia?

Una ventaja del compostaje es que puede ser llevado a cabo a escalas muy diversas, que van desde el industrial a gran escala, hasta el domiciliario y comunitario, a pequeña escala. Esta modalidad de compostaje, llevada a cabo por familias y grupos de personas, tiene numerosas ventajas. La primera es la que cumple los principios de proximidad y autosuficiencia, ya que el proceso se lleva a cabo cerca del lugar

donde se generan los residuos y está controlado por los propios productores. Además, el compost obtenido es utilizado por la ciudadanía participante en el proceso de compostaje que, de este modo, adquiere un alto grado de sensibilización, habiéndose demostrado que se aumentan significativamente las tasas de reciclaje. Desde el punto de vista de la gestión, se reduce la cantidad de residuos recogidos y tratados por los servicios municipales y, en consecuencia, los costes de gestión. El compostaje doméstico es también una gran herramienta de educación ambiental y participación ciudadana.

*"En países como Alemania más del 75% de los residuos urbanos biodegradables se recogen selectivamente y se compostan"*

La calidad del compost doméstico y comunitario suele ser adecuada, porque la selección de materiales que se compostan es más cuidadosa. Por ello, no suelen presentar problemas de contenidos elevados de metales o impropios y, en general, poseen un buen contenido de nutrientes y adecuada relación carbono/nitrógeno (C/N), que es indicativa del grado de madurez. Cuando se presentan problemas, suelen estar relacionados con un exceso de humedad o falta de aireación. Por otra parte, dado el pequeño tamaño de las pilas de compost en ocasiones no se alcanzan temperaturas de higienización.

Por razones de la dificultad de la recogida de residuos, el compostaje domiciliario y comunitario se considera una opción especialmente interesante en zonas poco pobladas, aunque en diversos países europeos constituye una vía habitual de tratamiento de residuos domésticos, también en áreas urbanas. En Galicia existen diversas experiencias de compostaje doméstico. El concello de A Illa de Arousa fue pionero en 1998. Le siguieron O Barco de Valdeorras, Vilasantar, O Carballiño, Piñor, Carballeda de Avia y Ribadavia, que aplicaron programas promovidos por instituciones españolas y europeas, con apoyo y seguimiento de organizaciones ambientales como Adegas y Amigos da Terra. Es de destacar el programa de compostaje doméstico impulsado por Sogama, con más de 150 entidades adscritas, incluyendo ayuntamientos, centros educativos y colectivos sociales, y que continúa su expansión con la incorporación de nuevos colectivos.

### ¿Qué beneficios agrícolas reporta la aplicación al suelo de un compost de calidad?

El compost es principalmente una fuente de materia orgánica, siendo esta el principal factor de calidad de los suelos. El reciclado de materia orgánica es la base del fun-

SEGUIR LENDO....

## Entrevistamos a...

Miguel Varela

CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

## Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

## Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Entrevistamos a...



María Teresa Barral destaca o programa de compostaxe doméstica impulsado por Sogama

cionamiento de la compleja red trófica del suelo y permite el mantenimiento de su amplia biodiversidad. Muchas funciones del suelo, particularmente la capacidad de almacenamiento y filtración, el suministro de nutrientes y la capacidad degradativa están relacionadas con el contenido de materia orgánica y el mantenimiento de la actividad biológica del suelo. Por otra parte, el incremento de la materia orgánica del suelo permite contrarrestar las emisiones de gases de efecto invernadero, actuando como un sumidero de carbono.

Una gran parte de los suelos europeos están experimentando con rapidez importantes pérdidas de materia orgánica, debido a la especialización de las explotaciones agrícolas y al cultivo intensivo. En España más del 50% de los suelos agrícolas tiene un contenido muy bajo (<2%) de materia orgánica. Por ello, el compost tiene su principal aplicación en la agricultura como enmienda orgánica, es decir, como un material destinado a mantener o incrementar el contenido de materia orgánica del suelo. En el campo gallego podría ser utilizado en sustitución del estiércol, cuya producción en las explotaciones agrícolas familiares ha ido disminuyendo en las últimas décadas. El compost puede ser también utilizado como fertilizante, suministrando parte de las necesidades de nutrientes de los cultivos, produciendo beneficios en el rendimiento de las cosechas que se manifiestan de forma más clara a medio y largo plazo. Pero además el compost puede encontrar aplicación en la elaboración de sustratos de cultivo, en la jardinería y en silvicultura. La restauración ambiental puede beneficiarse también de este producto, empleándolo en el sellado de vertederos, en la restauración de canteras y escombreras, en la regeneración de suelos afectados por incendios forestales, en la revegetación de taludes, descontaminación de suelos o como biofiltro para la retención de contaminantes.

### ¿Y con qué limitaciones suele encontrarse el compost industrial?

Debido a la peor selección de los materiales en comparación con el compostaje doméstico, el compost obtenido en grandes instalaciones, en las que generalmente se procesan residuos urbanos solos o mezclados con otros residuos biodegradables, puede presentar algunas limitaciones. Las más frecuentes se deben a la presencia de elevados contenidos de metales pesados, como Cu, Ni y Zn, que se incorporan a los residuos con los materiales metálicos, papeles tintados y plásticos, por lo que es necesario separarlos de la materia orgánica ya en origen. El contenido de impropios (vidrios, materiales cerámicos...) puede ser alto y es también frecuente que el compost presente alta conductividad eléctrica, debido a la sal con la que se condimentan los alimentos. Por el contrario, en el compostaje industrial suele alcanzarse una alta temperatura, que asegura una correcta higienización. La estabilidad y madurez del compost dependerán de la duración del proceso, que puede estar condicionada por la necesidad de tratar una elevada cantidad de residuos. A pesar de estos problemas potenciales, muchas plantas industriales, tanto en España como en otros países de Europa consiguen un compost aceptable e incluso de alta calidad cuando se procesa fracción orgánica procedente de recogida selectiva, lo que constituye una condición imprescindible para alcanzar los objetivos comunitarios de preparación para la reutilización y reciclado.

SUBIR

## Entrevistamos a...

Miguel Varela  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

## Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

## Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

## Multimedia

## Eventos

## Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)





# Mundo SOGAMA

## A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, visita as instalacións de Sogama

Recorda que a nova planta de recuperación de envases permitirá incrementar nun 36% a capacidade de tratamento do complexo, que xestiona os residuos do 94% dos concellos galegos



Edificio de oficinas de Sogama



Envases antes de ser reciclados

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, recordou, durante unha visita a Sogama, que a nova planta de recuperación de envases procedentes do lixo en masa, e a remodelación da actual planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible, permitirá incrementar en máis dun 36% a capacidade de tratamento do complexo industrial de Cerceda.

A día de hoxe, Sogama trata un 77% das toneladas de lixo que recibe, polo que cando esta nova planta estea operativa tratará todos os residuos domésticos que chegan ao complexo, desviando ao vertedoiro única e exclusivamente a parte que non se poida reciclar ou valorizar material ou enerxeticamente.

A conselleira [manifestou que unha das apostas do Goberno galego](#) é que Sogama continúe medrando, gañando eficiencia e mellorando o seu servizo, polo que se realizarán tres actuacións para optimizar as instalacións, que suporán un orzamento de 35 millóns de euros. A isto hai que engadir o aforro de 1,5 millóns de euros ao ano, grazas ao novo contrato de transporte combinado de residuos (por ferrocarril e estrada) que permitirá duplicar as cantidades que se transportan por tren, pasando dun 25% actual ao 55%.

### Un referente en Galicia

Beatriz Mato indicou que "ninguén dúbida que as instalacións de Sogama son un referente, non só porque 295 concellos de Galicia, un 94%, están adheridos voluntariamente, senón porque é unha empresa pública solvente, eficiente e sostible", tal e como recoñeceu a Comisión Europea polos beneficios que achega ao medio ambiente e á cohesión social.

A conselleira precisou que as previsións apuntan a que este ano se superará o procesamento de 600.000 toneladas, o mellor resultado dende a posta en marcha en 2002; e tamén se están a producir cotas históricas de produción de enerxía a través da xestión dos residuos non reciclables, alcanzando este ano a Planta Termoeléctrica unha produción dun 3,9% máis que no 2014.

En relación coa recuperación de materiais como o vidro ou o aceiro residual, a previsión é recuperar neste ano un total de 3.000 toneladas de vidro e 5.600 de aceiro.

Así mesmo, Beatriz Mato trasladou que Sogama produce un 11% da enerxía que consumen os fogares da Comunidade galega.

### Entrevistamos a...

Miguel Varela  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

María Teresa Barral  
Profesora titular e experta en edafología da USC

### Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balace da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)



Segue a actualidade de Sogama na súa Sala de Prensa

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Actualidade

## Un novo estudo destaca as posibilidades ambientais, económicas e sociais da valorización enerxética

O documento pon de manifesto que este sistema constitúe un notable apoio para o cumprimento dos obxectivos da Unión Europea de cara a aumentar o reciclado e reducir o uso do vertedoiro

"A promoción da valorización enerxética da fracción non reciclable dos residuos urbanos traería consigo importantes oportunidades para o medio ambiente, a economía e a sociedade no noso país". Así se recolle nun estudo realizado por G-Advisory, do Grupo Garrigues, e que foi encargado por AEVERSU, a Asociación de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos.

Durante [a presentación do estudo en Madrid](#), púxose de manifesto o caso de numerosos países europeos (como Alemaña, Suecia, Holanda, Dinamarca, Bélxica e Austria), que decidiron no seu momento incrementar a recuperación enerxética, con valores entre o 35 e o 54 por cento dos residuos urbanos xestionados, o que lles permitiu eliminar practicamente a opción do vertedoiro, resultando este inferior ao 4 por cento. En España, pola contra, a valorización enerxética limítase ao 10 por cento, disparándose as taxas de vertido ata o 60 por cento.

**Apoio aos obxectivos da Unión Europea**  
A [valorización enerxética constitúe](#), ademais, un notable apoio para o cumprimento dos obxectivos proclamados pola Unión Europea en relación aos residuos urbanos, e que fundamentalmente pasan por acadar, como mínimo, o reciclado do 50 por cento en peso antes de 2020, e diminuír o uso do vertedoiro, li-

mitando a un máximo do 35 por cento a cantidade de materia biodegradable a depositar no mesmo.

O informe tamén incide nas elevadas vantaxes da valorización enerxética sobre o vertedoiro, pesando sobre esta un rigoroso control ambiental derivado da lexislación aplicable, moito máis estrito que o que rexe para outras infraestruturas industriais.

Desde a perspectiva social e económica, cabe dicir que a valorización enerxética xera anualmente ingresos por importe de 273 millóns de euros e un valor engadido bruto de 90 millóns, posibilitando máis dun milleiro de postos de traballo. Estas cifras poderían duplicarse no 2020 se España apostase realmente pola recuperación enerxética da parte non reciclable, coa particularidade de que as instalacións de valorización xeran tres veces máis investimento que os vertedoiros, o que derivaría nunha maior capacidade de xeración de actividade económica.

Por último, o sistema de valorización contribuiría igualmente a reducir a dependencia enerxética exterior de España. Segundo cifras do 2013, España estaría asumindo na balanza comercial un déficit anual de case 41.000 millóns de euros pola compra de enerxía que non é capaz de xerar de forma autosuficiente.

### Entrevistamos a...

Miguel Varela  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

María Teresa Barral  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

### Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

### Actualidade

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)



Un momento da presentación do estudo en Madrid



[Consulta o estudo completo na seguinte ligazón](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade



Exterior e interior dun composteiro distribuído por Sogama

## Os concellos de Oia, Ordes, Salvaterra do Miño e Soutomaior únense ao programa de compostaxe de Sogama

**Con estas novas adhesións xa se superan as 160 entidades que forman parte desta iniciativa, entre as que se atopan uns 100 concellos de toda a xeografía galega, nas que hai repartidos máis de 4.800 composteiros**

Os concellos de Oia, Ordes, Salvaterra do Miño e Soutomaior formalizaron a súa adhesión ao programa de compostaxe doméstica impulsado pola Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama). O obxectivo deste programa é avanzar cara a unha xestión máis eficiente dos residuos urbanos que lles reporte beneficios ambientais, económicos e sociais.

Desta forma, xa se superan as 160 entidades que forman parte desta iniciativa, entre as que se atopan en torno a 100 concellos de toda a xeografía galega, téndose repartidas entres as mesmas máis de 4.800 composteiros, con capacidade para 340 litros cada un. Sumado a estas incorporacións, Redondela decidiu ampliar o seu programa incorporando 50 novas vivendas unifamiliares que dispoñen de horta ou xardín. Ademais da subministración dos composteiros, a empresa pública é a encargada de proporcionar o material divulgativo e de apoio e de impartir os cursos de formación aos participantes.

### Os beneficios

Desde a perspectiva ambiental, as familias participantes pechan in situ o ciclo

de reciclaxe da materia orgánica xerada, evitando o depósito da mesma nos contedores verdes convencionais, circunstancia que permitirá aos concellos reducir a frecuencia de recollida e, por suposto, o transporte do lixo ata a planta de tratamento, o que se traducirá en menores emisións de CO<sub>2</sub> e nun importante aforro económico.

Dado que na composición media do lixo, en torno ao 40 por cento do mesmo está conformado por restos orgánicos, se estes se xestionan en orixe e non se depositan nos contedores xenéricos, entregaranse menos desperdicios a Sogama, diminuindo o importe da factura que os entes locais deben pagar á compañía.

Tamén ten vantaxes sociais, ao distanciar os desprazamentos que os veciños deben realizar ata os contedores nas vías públicas, estimulándoos ao mesmo tempo a recuperar unha práctica tradicional en Galicia, como é a separación da materia orgánica para a elaboración de compost e/ou alimento do gando.



Máis información sobre o programa de compostaxe doméstico de Sogama

SUBIR

## Entrevistamos a...

**Miguel Varela**  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

**María Teresa Barral**  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

## Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

## Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade

### Javier Domínguez presenta as características do modelo Sogama nunha conferencia promovida por APE Galicia

O presidente de Sogama expuxo o sistema de xestión de residuos polo que optou esta empresa pública na sede da Asociación de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE) en Pontevedra

O presidente da Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama), Javier Domínguez Lino, participou nunha xornada celebrada na aula de formación da Asociación de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE), en Pontevedra, a través do cal dou a coñecer as principais características da compañía pública, que actualmente xestiona e trata os residuos urbanos producidos por 295 concellos galegos.



Un momento da conferencia de APE Galicia

Arrincou a súa alocución poñendo de relevo a problemática que, a día de hoxe, provoca a elevada xeración de lixo e a necesidade de implantar o principio dos tres erres por parte da poboación (redución, reutilización e reciclaxe), encargándose a entidade de complementar o labor da cidadanía coa valorización enerxética da parte non reciclable, converténdoa en electricidade. Un proceso que leva a cabo desde a máis absoluta solvencia medioambiental, garantindo a protección da contorna e, por suposto, a saúde dos galegos.

Se ben en Galicia a xeración de refugallos xa diminuíu en máis dun 10 por cento, obxectivo inicialmente previsto para 2020, o certo é que a Sociedade, da man da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, propúxose estender as prácticas de compostaxe doméstica co obxectivo de que os fogares poidan pechar o ciclo de reciclaxe da materia orgánica en orixe e evitar que esta acabe depositada nos contedores verdes convencionais, circunstancia que permitirá aos entes locais aforrar custos. Este programa xa conta con máis de 160 entidades adheridas, entre elas arredor de 100 concellos.



Consulta os consellos de Sogama para reducir a produción dos residuos

#### O carácter global, integral e solidario de Sogama

Domínguez Lino referiuse ao carácter global, integral e solidario de Sogama como os seus principais atributos e elementos de distinción fronte a outros sistemas. O feito de que a entidade sexa capaz de poñer en valor a parte non reciclable dos residuos, que cobre o mesmo prezo a todos os concellos que utilizan os seus servizos, con independencia da súa situación xeográfica e particularidades, e que atenda as necesidades do conxunto do territorio galego, constitúen razóns de peso para definir a esta entidade como un dos mellores activos de Galicia e peza clave no camiño que debe guiar á nosa comunidade cara a sustentabilidade.

E así foi recoñecida no seu momento por Europa. Primeiro, a través da concesión de máis de 72 millóns de euros procedentes dos Fondos de Cohesión para poñer en marcha o seu proxecto, e no 2012, mediante os resultados dun estudo ExPost que acredita, con datos obxectivos, as vantaxes que Sogama ten sobre o medio ambiente, a economía e a cohesión social.

#### Entrevistamos a...

Miguel Varela  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

María Teresa Barral  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

#### Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

#### Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

#### Multimedia

#### Eventos

#### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade

### “Sogama fixo unha plena aposta polo transporte sostible dos residuos urbanos”

Así o manifestou o presidente da empresa pública, Javier Domínguez Lino, con motivo da súa intervención no Simposio Internacional sobre Medio Ambiente e Saúde celebrado en Santiago de Compostela

O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, moderou, no marco do Simposio Internacional sobre Medio Ambiente e Saúde, que se celebrou os días 28 e 29 de outubro de 2015 en Santiago de Compostela, unha mesa redonda baixo o título de “Cidades saudables e sostibles: transporte ecolóxico, aire limpo e loita contra o cambio climático”.

Durante a súa intervención fixo fincapé nos dous conceptos prioritarios da mesa, é dicir, as cidades saudables e a loita contra o cambio climático, incidindo en que calquera urbe pode ser saudable se se compromete co benestar das persoas e articula os mecanismos necesarios para promover a adopción de estilos de vida saudable e creando contornas que os favorezan.

Neste marco, fixo especial referencia á Rede Española de Cidades Saudables, Sección da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) que ten por obxecto promocionar a saúde e o benestar dos cidadáns, en clara sintonía co proxecto “Cidades Saudables” da Organización Mundial para a Saúde (OMS), cobrando especial protagonismo a calidade do aire, onde gran parte da responsabilidade sobre a súa contaminación recae nos automóviles.

#### As vantaxes

Neste punto aludiu á plena aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos, dando un paso máis na protección ambiental. De feito, o novo



O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, durante o Simposio

contrato para o transporte combinado por ferrocarril e estrada desde as 37 plantas de transferencia distribuídas polo conxunto do territorio galego ata a infraestrutura central de Sogama en Cerceda permitirá á entidade duplicar as cantidades de refugallo que se moven por tren, pasando do 25 por cento actual ata o 55 por cento, o que traerá consigo unha serie de vantaxes. Entre elas, destacan unha maior seguridade, xa que, en termos xerais, presenta unha baixa sinistralidade; menores emisións de CO<sub>2</sub>; incremento da carga útil (mentres un camión pode trasladar un só colector con capacidade para 20 toneladas de residuos, un conxunto de ferrocarril pode desprazar ata 30 unidades nunha soa viaxe); eliminación do colapso circulatorio provocado polos vehículos pesados, reducindo igualmente as molestias ocasionadas á cidadanía e ocasionando un menor impacto paisaxístico; e, por último, aforro de tempo e maior puntualidade e sincronización.

O Simposio estivo coordinado por dúas figuras relevantes no sector: Federico Mayor Zaragoza, ex director xeral da Unesco, presidente do Consello Científico da Fundación Ramón Areces e presidente da Fundación Cultural de Paz, en Madrid; e Francisco Peña Castiñeira, fundador do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2016.



Máis información sobre o Simposio Internacional de Medio Ambiente e Saúde

### Entrevistamos a...

Miguel Varela  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

María Teresa Barral  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

### Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

### Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o “Recíclate con Sogama 2015-2016”

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade



O presidente de Sogama reunido cos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

## Xerentes das plantas asociadas a Aeversu reúnen en Sogama

**Mantiveron unha xuntanza para abordar distintos aspectos vinculados á actividade da organización, que foi aproveitada para celebrar a Asemblea Xeral e o Consello de Dirección, ademais de facer unha visita guiada polas instalacións do complexo de Cerceda**

Xerentes e representantes das plantas adscritas á Asociación de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos (AEVERSU) mantiveron o pasado 12 de novembro unha xuntanza na sede de Sogama, en Cerceda, a fin de abordar distintos aspectos vinculados á actividade da organización, na que están representadas nove instalacións de España (Tirme, nas Illas Baleares; Zabalgarbi, no País Vasco; Trargisa, Mataró e Tera, en Cataluña; Remesa, en Melilla; Tircantabria, en Cantabria; Tirmadrid, en Madrid; e Sogama, en Galicia), ademais de Ctrasa, sita en Andorra.

A xornada foi aproveitada para celebrar a pertinente Asemblea Xeral, así como o Consello de Dirección, onde os portavoces das distintas compañías explicaron a situación das súas respectivas plantas. No caso de Sogama, o seu presidente, Javier Domínguez Lino, foi o encargado de dar a coñecer os pormenores da ampliación do complexo medioambiental cercedense e que contempla a posta en marcha dunha planta de clasificación dos envases contidos no lixo en masa, posibilitando con isto unha maior contribución da Sociedade ao reciclado, así como unha diminución do vertido, cuantificada nun 30 por cento.

Pola súa banda, o presidente de Aeversu, Rafael Guinea, foi o encargado de co-

mentar as conclusións do [estudo sobre valorización enerxética](#) elaborado por G-Advisory, do Grupo Garrigues, presentado públicamente o pasado 6 de outubro en Madrid, estando a disposición dos interesados na páxina web da Asociación [www.aeversu.org](http://www.aeversu.org). No mesmo destácase que nos países europeos máis avanzados e sensibilizados coa protección do medio ambiente, a recuperación enerxética representa entre o 35 e o 54 por cento, mentras que en España redúcese unicamente ao 10 por cento.

Ademais doutros asuntos de interese, Guinea tamén dou boa conta da última Asemblea Xeral da CEWEP (Confederación de Plantas Europeas de Valorización Enerxética), organización da que é vicepresidente e que, en todo caso, persegue os mesmos obxectivos que as empresas que a integran.

### Visita guiada

Concluído o encontro, os portavoces das distintas plantas realizaron unha visita guiada ao complexo medioambiental de Sogama da man do seu presidente, Javier Domínguez, e o seu Director Xeral, Isidro García, tendo así a oportunidade de ver e constatar in situ o proceso técnico de xestión e tratamento ao que se someten a maior parte dos residuos urbanos producidos en Galicia.

## Entrevistamos a...

**Miguel Varela**

CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

**María Teresa Barral**

Profesora titular y experta en edafología de la USC

## Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

## Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade

### O presidente de Sogama destaca a protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Así o manifestou nunha xornada na que se abordou a contribución dos Sistemas de Xestión de Residuos (SIX) ao emprego verde, celebrada en Lugo

Con motivo da xornada celebrada o pasado 18 de novembro na sede da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo, na que se abordou a contribución dos Sistemas de Xestión de Residuos (SIX) ao emprego verde, o presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, que moderou a mesa redonda desenvolvida con tal motivo, aproveitou a ocasión para recordar que os postos de traballo vinculados ao medio ambiente rexistraron en España un incremento do 235 por cento nos últimos anos. Na actualidade supoñen o 2,62 por cento da poboación ocupada, o que vén representar máis de medio millón de traballadores.

Como exemplo desta contribución á economía puxo o caso de Sogama que, na súa fase inicial, recibiu máis de 72 millóns de euros procedentes dos Fondos de Cohesión, someténdose, anos despois, e por parte da Comisión Europea, a unha avaliación ex post, cuxos resultados enalzaron e avalaron os múltiples beneficios que trouxo a empresa pública desde todas as perspectivas, poñendo de relevo a creación de 500 postos de traballo directos e outros tantos indirectos.

Ademais, precisou que, en torno á súa infraestrutura central, sita no municipio

de Cerceda (A Coruña), chegou a emerxer unha potente industria medioambiental que repercutiu favorablemente en Galicia, e máis se cabe, no concello que a acolle, toda vez que a día de hoxe presenta as taxas de paro máis baixas de toda a Comunidade.

#### Ecoembes, Ecovidrio e Recyclia

Para falar das achegas dos SIX ao emprego, contouse coa presenza de Juan Ramón Meléndez, Xefe de Relacións Institucionais de Ecoembes; Julio Lema, Director Comercial e de Comunicación de Recyclia; e Germán Fernández, Xerente en Galicia de Ecovidrio.

No caso de Ecoembes, o seu portavoz manifestou que a entidade posibilitou a creación de 9.400 postos directos, ascendendo a 42.600 os indirectos e inducidos. Pola súa banda, e en relación a Ecovidrio, a cifra alcanza os 8.000 empregos directos e indirectos, dos cales 370 radican en Galicia.

Recyclia móstrase convencida da firme aposta que debe facerse pola economía circular, xa que, coa optimización de recursos crearíanse, de aquí ao 2030, 3 millóns de postos de traballo en Europa.

### Entrevistamos a...

Miguel Varela  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

María Teresa Barral  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

### Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

### Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeveru

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)



O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, o segundo pola dereita, durante a xornada

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade

# Sogama e a Xunta celebraron conxuntamente a Semana Europea de Prevención de Residuos

Entre as actividades organizadas destacou a presenza do Xogo xigante "Un partido polo planeta" en tres centros escolares, destinado a formar no coidado ambiental ás novas xeracións



Entre os pasados 21 e 29 de novembro celebrouse a Semana Europea da Prevención de Residuos, unha cita obrigada desde 2009 no calendario verde, que ten por ob-

xecto fomentar accións sostibles para previr a xeración de lixo e impulsar o seu reciclado, mostrando a estreita relación existente entre hábitos de consumo e impactos ambientais.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e Sogama participaron neste evento con diversas actividades conxuntas.

Cofinanciada polo programa Life+ da Comisión Europea, a Semana Europea da Prevención de Residuos contempla o desenvolvemento de accións vinculadas ao principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), incidindo na necesidade de diminuír a xeración de lixo e enfocadas a un público amplo e diverso.

Entre as actividades programadas, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Sogama distribuíron de forma simultánea tres réplicas do xogo medioambiental "Un partido polo planeta", en tres centros escolares galegos: o CPR Plurilingüe Divina Pastora, de Ourense; o CPI Aurelio Marcelino Rei García, de Cuntis e o CEIP Marquesa do Pazo da Mercé, de As Neves.

O obxectivo deste soporte didáctico non era outro que a formación dos alumnos nas boas prácticas ambientais vinculadas ao principio comunitario dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), promovendo unha xestión máis sostible dos refugallos. "Un partido polo planeta" concíbese así como un recurso de interese para fomentar a aprendizaxe dos pequenos na materia e garantir ao mesmo tempo o seu entretemento e diversión.

Como peche desta semana de actos, o presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, e o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación, Manuel Corredoira López, visitaron o CPI Aurelio Marcelino Rei García de Cuntis para comprobar o traballo realizado neste ámbito polo centro, ensinando aos pequenos, a través do xogo referenciado, como xestionar o lixo no marco dunha economía circular, entendida como aquela que concibe os residuos como recursos de valor.



O presidente de Sogama durante a súa visita o CPI Aurelio Marcelino Rei García de Cuntis

## Entrevistamos a...

Miguel Varela  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

María Teresa Barral  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

## Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

## Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeveru

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

 [Máis información sobre a Semana Europea da Prevención de Residuos 2015](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)





## Actualidade

### Universitarios e membros da Federación Galega de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios visitan as instalacións de Sogama

O complexo industrial de Cerceda deu a coñecer o seu proceso industrial e as súas actividades didácticas aos alumnos da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña e aos da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo

Durante os pasados meses de outubro e novembro diversos colectivos procedentes de diferentes partes de Galicia visitaron as instalacións da Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) para coñecer in situ o seu proceso industrial e as súas actividades didácticas e pedagóxicas.

Entre estes grupos destacaron os alumnos da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, que viaxaron ata Sogama para coñecer de preto a actividade desenvolvida pola empresa pública.

Previamente desprazáronse á praia coruñesa de Sabón, onde estiveron acompañados polo responsable da iniciativa medioambiental Coge3, Óscar García, para efectuar mostraxes de microplástico e análise do lixo recollido no arenal. Esta visita enmarcouse ademais no Festival Mar de Mares 2015, no que colaborou Sogama.

Por outra parte, un nutrido grupo de estudantes da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo desprazouse ata Sogama para coñecer as instalacións que conforman o complexo medioambiental situado en Cerceda e tomar boa nota do proceso industrial desenvolvido nas mesmas.

Así mesmo, membros da Federación Galega de Asociacións de Amas de Casa,



Consumidores e Usuarios da provincia de Pontevedra tamén fixeron o propio nunha visita organizada por [APROEMA](#) (Asociación Profesional de Empresas Medioambientais de Galicia con sede en Vigo). Esta experiencia representaba unha oportunidade para que os integrantes das asociacións referenciadas puidesen constatar e coñecer de preto o cometido da compañía pública, encargada de xestionar e tratar a meirande parte dos residuos urbanos producidos na nosa comunidade, tomando conciencia da importancia que, neste senso, ten a activa colaboración da poboación.

### Entrevistamos a...

Miguel Varela  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

María Teresa Barral  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

### Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

### Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

 **Queres visitar Sogama?**  
Contacta connosco aquí

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade

### Clasificados catorce centros escolares de primaria para participar este curso académico no programa "Recíclate con Sogama 2015-2016"

**A empresa pública facilitará medios materiais e soportes didácticos e divulgativos para que os preto de 4.000 alumnos destes colexios poidan formarse en educación medioambiental**

Un total de catorce centros escolares galegos de educación primaria foron seleccionados para participar este curso académico na cuarta edición do programa "Recíclate con Sogama", impulsado por esta empresa pública e canalizado a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, que ten como principal obxectivo a educación en valores.

A iniciativa estenderase ao conxunto dos estudantes que cursan os seus estudos nos devanditos centros, sumando preto de 4.000. Os colexios clasificados distribúense por provincias da seguinte forma: dous pola da Coruña, tres pola de Lugo, dous pola de Ourense e sete pola de Pontevedra.

Co asesoramento de Sogama, todos os centros implantarán a recollida selectiva de lixo nos seus recintos a través de tres contedores de 120 litros cada un facilitados pola empresa pública. Ademais, os colexios que teñan comedor e/ou xardín serán obsequiados cun composteiro de 340 litros.

Ademais dos medios materiais, facilitaranse diversos soportes didácticos e divulgativos para que as escolas poidan desenvolver correctamente os seus respectivos proxectos, axudándolles a alcanzar os obxectivos contemplados nos mesmos.

#### Seguimento e avaliación

Persoal ao servizo de Sogama desprazase fisicamente aos centros para realizar unha primeira avaliación sobre o terreo, entrevistase con cada profesor coordinador e trazar un plan de acción adaptado ás características e particularidades de cada escola.

A mediados de xaneiro, o xogo xigante "Un partido polo planeta" comezará a súa andaina, con carácter itinerante, polos centros participantes a fin de que os escolares poidan complementar os seus coñecementos na materia e ata teñan a oportunidade de poñer a proba a súa bagaxe no reciclado, ademais de pasar un intre divertido.

O programa, no que se prevé que tamén participen as familias e os propios concellos, complementarase con visitas guiadas ao complexo medioambiental de Sogama en Cerceda (A Coruña), onde se centraliza o tratamento da maior parte dos residuos producidos en Galicia. Cara a finais de curso realizará unha segunda visita, ademais dunha caracterización dos contedores que conforman as illas de reciclaxe para comprobar a calidade dos refugallo depositados nos mesmos.

#### Entrevistamos a...

Miguel Varela  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

María Teresa Barral  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

#### Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

#### Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

#### Multimedia

#### Eventos

#### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)



Consulta toda a información sobre o programa "Recíclate con Sogama 2015-2016"

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Multimedia

### Planeta Verde: a Familia Trebón aprende na praia a importancia dos tres erres



Moitos dos lugares dos que hoxe podemos gozar con toda a súa beleza natural non sempre foron así. Por iso, a través dunhas imaxes, a Familia Trebón comproba como cambiou o aspecto da praia da Roseira nos últimos anos. Antes, non había recollida de lixo como agora e moita xente tiraba ao mar os residuos sen ser consciente do problema ocasionado. Afortunadamente iso é historia, pero aínda queda moito por facer. De aí que sexan tan importantes os tres erres: reducir, reutilizar e reciclar...¡Unha lección moi importante que os Trebón nunca esquecerán!

[Ver vídeo...](#)

### Queres coñecer as instalacións de Sogama dende o aire? Mira este vídeo!



Para coñecer mellor as instalacións da Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), tes á túa disposición un vídeo aéreo que sobrevoa, a vista de paxaro, [os 665.000 metros cadrados que ocupa o seu complexo industrial](#) de Cerceda (A Coruña). Nel lévase a cabo a separación automática dos materiais depositados polos cidadáns na bolsa amarela (enva-

ses de plástico, latas e briks), facilitando a súa entrega aos recicladores e realízase tamén a valorización enerxética da fracción de lixo non reciclable contida na bolsa negra.

No complexo cercedense lévase a cabo o tratamento dunha gran parte dos residuos urbanos xerados en Galicia.

[Ver vídeo...](#)

SUBIR

### Entrevistamos a...

Miguel Varela  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

María Teresa Barral  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

### Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

### Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeveru

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Multimedia

### Únete ao grupo "Recíclate con Sogama" en Redeiras, a rede social do profesorado

Se eres profesor e estás interesado en coñecer máis detalles sobre o [programa "Recíclate con Sogama"](#), xa podes unirte ao grupo creado na rede social Redeiras, á que teñen acceso os docentes da comunidade autónoma galega.

Como sabes, "Recíclate con Sogama" é un programa educativo, canalizado a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, que se centra no fomento da recollida selectiva de lixo nos centros participantes. O profesorado recibe formación específica e conta cos recursos didácticos necesarios para a creación do proxecto interdisciplinar nos seus propios colexios, fomentando así á participación da comunidade escolar na separación de lixo e depósito do mesmo nas denominadas illas de reciclaxe, subministradas por Sogama en cada colexio participación.

Este proxecto de centro pode incluír a realización de actividades educativas diversas como o xogos de residuos, obra-



doiros de reutilización e reciclaxe, creación dun blog medioambiental, desenvolvemento dunha campaña publicitaria para fomentar a reciclaxe en calquera soporte multimedia etc., estando dirixidas sempre a fomentar o traballo en grupo e a colaboración entre o alumnado así como a o espírito crítico, a autonomía persoal e a conciencia medioambiental dirixida cara o desenvolvemento sostible. O tres mellores dos proxectos participantes en cada edición serán premiados tras comprobar o alcance e calidade das actividades realizadas e a eficacia na recollida selectiva feita durante o curso académico.



[Accede á rede social Redeiras e infórmate](#)

### Entrevistamos a...

**Miguel Varela**  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

**María Teresa Barral**  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

### Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

### Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

### Eventos

### Receitario

[SUBIR](#)

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Eventos

### Sogama, concellos e empresas debaten sobre a xestión de residuos



O complexo medioambiental de Sogama en Cerceda acolleu o pasado mes de outubro unha xornada que, baixo o título "Cara a optimización na xestión de residuos municipais", reuniu a máis de 60 representantes de concellos e empresas do sector, entre elas as impulsoras do grupo de traballo "Laboratorio de Ideas sobre Residuos" (LIR).

O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, apelou á responsabilidade compartida como estratexia prioritaria na xestión dos desperdicios urbanos, ao tempo que agradeceu que se pensara na

Sociedade medioambiental dependente da Xunta de Galicia para levar a cabo este evento, no que se abordaron temáticas moi relevantes, como o PEMAR 2016-2022 e a optimización da xestión de refugallos nos municipios.

Concluído o tempo de debate, os participantes tiveron a oportunidade de realizar un percorrido guiado polas instalacións que conforman o complexo medioambiental de Sogama. A xornada foi clausurada polo seu director xeral, Isidro García, quen agradeceu aos asistentes a súa presenza.

### Os residuos baixan un 32% segundo o último Perfil Ambiental de España

A xeración de refugallos descendeu un 32% durante os últimos anos, segundo constata o informe Perfil Ambiental de España 2014 publicado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, pasando de 650 quilos por habitante no 2000 a 449 no 2013. Con esta mellora, España sitúouse na decimocuarta posición da UE-28.



[Consulta aquí o estudo completo](#)

En canto ao tratamento dispensado aos refugallos municipais, alúdese a unha menor cantidade de vertedoiros nos últimos anos, téndose incrementado o número de instalacións de tratamento mecánico-biolóxico, de clasificación de envases e de compostaxe de biorresiduos, sendo o reciclado a alternativa que máis creceu desde o ano 2000, posicionándose en 2013 nos 88 quilos por habitante.

Pola súa banda, a valorización enerxética experimentou unha tendencia á alza, cuantificándose en 44 quilos/habitante en 2013, o que supón un incremento do 22,2% entre 2000 e 2013. Non obstante, trátase dun valor que se sitúa por baixo do alcanzado polos países europeos do norte, que foi do 53,8%.

### Entrevistamos a...

Miguel Varela  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

María Teresa Barral  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

### Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

### Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

### Multimedia

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Eventos

### Aprobado o PEMAR 2016-2022

A proposta do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA), o Consello de Ministros aprobou o 6 de novembro de 2015 o [Plan Estatal Marco de Xestión de Residuos \(PEMAR\) 2016-2022](#), no que se recollen as liñas estratéxicas e as medidas necesarias para avanzar na senda da economía circular e impulsar así a preparación para a reutilización e o reciclado.

O obxectivo último do Plan é converter a España nunha sociedade eficiente no uso dos recursos, pasando dunha economía lineal a unha circular. No plan destaca o reciclado, debendo destinarse no



ano 2020 a preparación para a reutilización e reciclado o 50% dos refugallos domésticos e similares.

O novo PEMAR, que pon de relevo a necesidade de continuar traballando en estreita coordinación con todas as administracións, aportará beneficios sociais e económicos, contribuíndo ao emprego, ademais dos propiamente ambientais.



[Consulta aquí a referencia do Consello de Ministros](#)

### Acordo decisivo no cumio de París sobre o cambio climático

Os 195 países firmantes da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático celebrada en París comprometéronse o pasado 12 de novembro a mitigar este fenómeno e impedir que as súas consecuencias vaian a máis. O obxectivo é que en 2050 non se sobrepasen os 2 graos de temperatura media global con respecto aos niveis preindustriais e, se é posible, que non se supere 1 grao e medio.

A diferenza de cumios anteriores, nesta ocasión as dúas maiores potencias emisoras de CO<sub>2</sub>, isto é, China e Estados Unidos, manifestaron abertamente o seu apoio ao acordo.

A importancia deste tratado radica tamén en que, segundo os científicos do

grupo IPCC da Organización das Nacións Unidas (ONU), de continuar o ser humano co ritmo de emisión de gases sen tomar medidas de mitigación, a temperatura media global subirá entre 3,7 e 4,8 graos en 2100 respecto ao nivel preindustrial, afectando igualmente a fenómenos climáticos extremos tales como inundacións, secas e ciclóns.



### Entrevistamos a...

**Miguel Varela**  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

**María Teresa Barral**  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

### Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

### Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeveru

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

### Multimedia

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Eventos

### Novo paquete europeo de economía circular

A Comisión Europea aprobou o 2 de decembro de 2015 o novo paquete sobre a economía circular, que ten por obxecto utilizar os recursos dunha forma máis intelixente e sostible. Inclúense así un conxunto de accións tanxibles, amplas e ambiciosas que se presentarán antes de concluír o mandato da actual Comisión.



Para lograr o paso dunha economía lineal a unha circular, contarase co respaldo financeiro dos Fondos EIE, con 650 millóns de euros procedentes de Horizonte 2020 (programa de financiamento da investigación e innovación da Unión Europea), de 5.500 millóns de euros procedentes dos Fondos Estructurais e de investimentos na economía circular a nivel nacional.

A proposta legislativa revisada sobre residuos fixa obxectivos de redución e reciclado de aquí a 2030, podendo destacar o reciclado do 65% dos municipais e do 75% dos de envases, así como a redución da eliminación en vertedoiro, limitándoa a un máximo do 10%.

### Efemérides medioambientais



O Día Mundial de Protección da Natureza tivo lugar o pasado 18 de outubro, unha cita que foi gañando peso ao longo dos anos, a medida que crece a sensibilización da poboación en torno á necesidade de preservar a contorna natural na que vivimos e da cal obtemos moi boa parte dos recursos que precisamos. Entre as accións para fomentar esa conciencia destaca o labor de Sogama dende a súa creación.

Ademais, o mes de decembro concentrou dúas datas importantes no eido medioambiental, como foron o Día dos Dereitos Humanos e o Día Internacional das Montañas.

No primeiro caso, cada 10 de decembro dende 1950 celébrase esta efeméride

que naceu a raíz dunha resolución de Nacións Unidas, na que inicialmente non se contemplaba o medio ambiente, pero que si tivo cabida a partir de 1966, ano no que a ONU incluíu de maneira explícita a mellora da contorna natural como forma de asegurar o dereito de toda persoa a gozar do máis alto nivel posible de saúde física e mental.

Baixo o lema "A promoción de produtos de montañas", celebrouse o 11 de decembro o Día Internacional das Montañas, unha data tamén instituída pola ONU para crear conciencia sobre a importancia destas para a vida. De feito, as poboacións asentadas a grandes latitudes son un dos mellores exemplos de economía sostible.

SUBIR

### Entrevistamos a...

Miguel Varela  
CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

María Teresa Barral  
Profesora titular y experta en edafología de la USC

### Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

### Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeveru

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

### Multimedia

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Receitario



## Unha receita ecolóxica para este Nadal

Dado que as datas de Nadal son especiais, facemos unha suxerencia gastronómica que aproveita as sobras da carne de galo das ceas familiares. E non se trata dun galo calquera, senón dun galo ecolóxico de Mos, tal e como nos propón

Adrián Felípez, un gastroconsulor de referencia en Galicia.

Se che interesa esta receita e te animas a preparala, cóntanos a túa experiencia no noso [Facebook](#) ou [Twitter](#)!

## Raviolón de galo de Mos

Nivel de  
dificultade: 1 2 3

### CANTIDADES E INGREDIENTES (PARA DÚAS PERSOAS):

- 300gr-Sobras de carne de galo de Mos ecolóxico ao forno
- 500ml-Leite de cabra ecolóxico
- 30gr-Fariña de trigo ecolóxico
- 30gr-Manteiga ecolóxico
- 200gr-Verduriñas do rustrido
- 150ml-Zume do rustrido
- 4 unidades-Láminas de pasta fresca ecolóxicas
- 1 Ovo de galiñas ecolóxicas
- Sal
- Pementa negra
- Flor de romero
- Flor de tomillo

### ELABORACIÓN

- Limpar e desmenuzar a carne de galo, salvando de osos e pel. Reservar.
- Escoller as verduriñas do rustrido e mesturar coa carne de galo. Rectificar de sal.
- Humedecer con auga morna as láminas de pasta. Escoller dúas e repartir o mexunxe de galo no centro de cada unha delas, seguidamente tapar coa outra lámina de pasta.
- Bater o ovo e pintar os entrebordes das láminas coa fin de que se peguen entre si. Reservar no frigorífico.
- Nunha cazerola derreter a manteiga e agregar a fariña. Remover durante uns minutos ata que comece a dourarse. Engadir o leite de cabra pouco a pouco, mentres remexemos cunha varíña. Engadir o sal e a pementa negra ao gusto. Ferver durante 30 minutos con moito coidado de que non se pegue. Reservar.
- Coar coidadosamente o zume restante do rustrido. Reservar nun cazo.

### PRESENTACIÓN

- Cocer en abundante auga fervendo os raviolóns de galo durante 8 minutos.
- Quentar o zume de rustrido.
- Nun prato fondo, servir un pouco da bechamel e, sobre esta, o raviolón.
- Salsear con zume de galo rustrido.
- Rematar decorando coas flores de romero e tomillo.

SUBIR

## Entrevistamos a...

**Miguel Varela**

CEO de Teimas Desenvolvemento, S.L.

**María Teresa Barral**

Profesora titular y experta en edafología de la USC

## Mundo SOGAMA

Beatriz Mato visita as instalacións de Sogama

## Actualidade

Un novo estudo destaca as vantaxes da valorización enerxética

Oia, Ordes, Salvaterra e Soutomaior únense ao programa de compostaxe

Javier Domínguez destaca o modelo de Sogama ante APE Galicia

A aposta de Sogama polo transporte sostible dos residuos urbanos

Reunión en Cerceda dos xerentes das plantas asociadas a Aeversu

A protección da contorna como un importante xacemento de emprego

Balance da Semana Europea de Prevención de Residuos

Visita de diversos colectivos sociais ao complexo industrial

14 centros escolares clasificados para o "Recíclate con Sogama 2015-2016"

## Multimedia

## Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)

